

as telleiras de CASTRELO (Cambados)


Na parroquia de Castrelo (Cambados) temos referencias da existencia de catorce telleiras : unha en Correlo, catro no Facho, tres no Bico da Ran e cinco no Couto de Abaixo. Na actualidade só se conservan os fornos de algunhas.

TELLEIRA DE VIEITES

No Facho. Propiedade de Constante Vieites. Deixou de traballar arredor de 1.971. O forno tiña cuberta en cúpula de ladrillo e o pallete, de grandes dimensións, era rectangular e estaba rematado en semicirculo na zona que mira ao mar. A 27 m de distancia do forno estaba a cheminea de 17 m de altura, que aínda se conserva.




1982



Imaxe da telleira de Martínez. Década de 1950

TELLEIRA DE MARTÍNEZ

Situada en Pontellas, ao remate da estrada do Facho. Foi construída por José Martínez Padín en 1915. Deixou de traballar en 1964 e pouco despois desfixose.



1987



1987



2008



As tres telleiras do Facho. Imaxe de 1982.